

**CONCELLERÍA  
DE  
PATRIMONIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



<b>EXPEDIENTE</b> 20266/240 :	<b>TIPO EXPTE:</b> INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE  <b>SOLICITANTE:</b> Patrimonio
----------------------------------	---

**INFORME XUSTIFICATIVO DA CONVENIENCIA E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MOBILIARIO DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA.**

**I. ANTECEDENTES**

1.- En data 05.12.2017, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN NAVIA COMO SALA DE LECTURA", cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E NOVE MIL NOVECENTOS SESENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (439.961,59 €) de data outubro de 2016.

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 18 de outubro de 2018, aprobou o expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "Acondicionamento de local en Navia como sala de lectura-biblioteca", así como abrir o procedemento de licitación para a elección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

3.- Unha vez definido e aprobado o proxecto de obras necesario para a reforma e adecuación interior da citada infraestrutura municipal de equipamento cultural, para o seu correcto funcionamento como sala de lectura-biblioteca, así como o expediente de contratación das mesmas, procede definir as necesidades de equipamento de mobiliario preciso para á posta en funcionamento da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia.

**II. NECESIDADE E IDONEIDADE COA QUE SE PRETENDE DAR SATISFACCIÓN ÓS ARTIGOS 1, 28 E 116 DA LCSP**

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/04/2019 13:57	Páxina 1 de 4
	Expediente 20266/240	CSV: 2CEC52-DEE7A4-8C5C42-2J4CL2-EQVNFN-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLERÍA  
DE  
PATRIMONIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



**1. Necesidade.**

En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (LCSP), deberán determinarse con precisión a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado.

Na presente contratación xustifícanse na necesidade de dotar de mobiliario á Sala de Lectura-Biblioteca de Navia, para a adecuada prestación do servizo municipal de Biblioteca e para a realización de actividades culturais propias deste tipo de equipamentos.

**2. Idoneidade.**

Á vista dos antecedentes expostos considérase o obxecto e contido do contrato idóneo para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse. O subministro de mobiliario resulta imprescindible para o correcto funcionamento da citada Sala de Lectura-Biblioteca de Navia.

En definitiva, a necesidade e idoneidade da contratación, fundaméntase en relación co obxecto desta inversión, a cal está vinculada ás obras de adaptación dunha infraestrutura municipal de equipamento cultural, destinada directamente ao desenvolvemento dos servizos públicos de competencia local.

Tendo en conta o obxecto específico do contrato proposto (subministro de mobiliario), é necesario proceder a súa contratación, toda vez que o Concello de Vigo, non conta con mobiliario para a dotación da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia , tendo a mesma a condición de inversión.

**III.-CUALIFICACIÓN DO CONTRATO.**

No referente á cualificación do contrato, polo seu obxecto, constitúe un contrato de subministro, aqueles que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.



**CONCELLERÍA  
DE  
PATRIMONIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



**IV. FINALIDADE INSTITUCIONAL, COMPETENCIAS MUNICIPAIS**

A finalidade a satisfacer pola administración municipal con este contrato está directamente relacionada coas competencias municipais previstas no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (promoción da cultura e equipamentos culturais) e no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

**V. CONCLUSIÓN**

Por todo o exposto considérase necesario e conveniente a contratación do **SUBMINISTRO DE MOBILIARIO DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA**.

O Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento.- Oscar Couce Senra.

CONFORME.- A Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial.- Marta Riobó Ibáñez

**DECRETO**

Á vista do informe xustificativo da necesidade da necesidade e idoneidade, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015)

RESOLVO: “Iniciar expediente para a contratación do **SUBMINISTRO DE MOBILIARIO DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA**

OCS/RGS

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/04/2019 13:57	Páxina 3 de 4
	Expediente 20266/240	CSV: 2CEC52-DEE7A4-8C5C42-2J4CL2-EQVNFN-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLERÍA  
DE  
PATRIMONIO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Vigo, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación, Limpeza e Patrimonio.- F. Javier Pardo Espiñeira.

Dou fe, A Secretaria do Goberno Local.- María Concepción Campos Acuña



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2019 13:57

Páxina 4 de 4

Expediente 20266/240

CSV: 2CEC52-DEE7A4-8C5C42-2J4CL2-EQVNFN-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>